



bng.gal

A SAÚDE É UN DEREITO



OS RECORTES
MATAN!

Dixémolo e repetímolo as veces que sexa necesario: **a saúde é un dereito, non un negocio**. Cando o Partido Popular pon en marcha políticas que deterioran, desmantelan e privatizan a sanidade pública galega faino de xeito planificado, e é consciente das consecuencias que teñen esas decisións.

Os recortes matan. Literalmente. E estámolo a ver. Porque estamos a padecer a aplicación dunha opción ideolóxica: a de quen considera que todo é campo desexábel para o lucro privado, mesmo aqueles dereitos que -como a atención sanitaria- son os que garanten a vida digna das persoas.

O Goberno de Núñez Feijoo actúa claramente en consonancia con esta opción: reduce os orzamentos públicos, elimina máis de 2000 profesionais do sistema público galego, obriga ao repagamento de medicamentos, pon en mans privadas cada vez máis servizos do Sergas, reduce o número de camas dos nosos hospitais... As consecuencias son coñecidas: colapsos en urxencias, atención deficiente ás persoas enfermas, peche de camas, sobrecarga laboral das e dos traballadores, aumento das listas de espera ou, de forma especialmente cruel e evidente, denegación de tratamentos a persoas con doenzas graves como os de hepatite C ou oncolóxicas.

Estase a pór en risco a nosa vida e a nosa saúde para que uns poucos fagan negocio da enfermidade. Os recursos da sanidade pública, a de todas e todos, están a ser postos ao servizo do enriquecemento de intereses privados. E estase a castigar con recortes e repagamentos aos segmentos da poboación máis vulnerábeis.

No BNG cremos que hai que lle facer fronte. Alí onde temos opcións, facémollo directamente. Concellos como o de Riotorto lideraron e impulsaron a batalla pola defensa da sanidade pública, e estamos como BNG nas plataformas e movementos cos que compartimos esta loita. Non hai outro camiño. Temos que defender os nosos dereitos, e os das xeracións que veñen detrás. Temos que defender o dereito a unha vida digna. Porque a saúde é un dereito, non un negocio.